

O AECT R o Mi o crea o mapa COVIDMi o interactivo para informar de maneira conxunta da evoluci n da Covid-19 nos concellos transfronteirizos

Mentres a situaci n dos pasos na fronteira segue sen solucionarse, o AECT R o Mi o v n de habilitar na s a web smartminho.eu un mapa [COVIDMi o](#) interactivo, que permitir    cidadan a co ecer de maneira conxunta a evoluci n da pandemia nos 26 municipios galegos e portugueses que forman parte do territorio mi oto. Esta ferramenta incl e a situaci n epidemiol xica de cada un dos concellos (n mero de casos novos diagnosticados e incidencia acumulada, entre outros), as  como informaci n  til para combater a propagaci n da enfermidade e as medidas que os respectivos gobernos aplican en ambos lados da fronteira.

A novidade do [mapa COVIDMi o interactivo](#), impulsado pola Deputaci n de Pontevedra a trav s do Departamento de Cooperaci n Transfronteiriza dirixido por Ux o Ben tez, radica en que ofrece os datos do territorio mi oto nunha mesma web en lugar de ter que consultar as diferentes p xinas de informaci n sanitaria galega e portuguesa. Ademais, tam n permite comparar de maneira intuitiva as situaci ns epidemiol xicas en ambas ribeiras, xa que aplica unha mesma escala de cores  s incidencias acumuladas de cada municipio fronte aos diferentes par metros utilizados na Galiza (que s  aplica unha cor encarnada forte por encima dos 250 casos sen m is gradaci n) e en Portugal. Pasando o rato por cada concello despr ganse m is datos referidos a cada municipio.

O [mapa COVIDMiño interactivo](#) permite comparar de maneira intuitiva a incidencia do virus en ambas marxes do río cunha escala de cores propia fronte aos diferentes parámetros utilizados en Galiza e Portugal

Este mapa xurde nun momento no que a poboación precisa de información veraz sobre a complicada situación provocada ante o espallamento do virus e sobre as distintas medidas que se están a aplicar a ambos lados da raia. Segundo destaca Uxío Benítez, o [COVIDMiño](#) pretende facilitar o coñecemento e datos veraces da pandemia a toda a cidadanía que ten que moverse no territorio miñoto ben por cuestións laborais ou familiares. “Precísase información unificada”, dixo.

No día de hoxe, a incidencia acumulada máis baixa é a do concello de Arbo (menor de 240), seguida por A Guarda e O Rosal (entre 240 e 480), continuada por Covelo, Pontearreas, Salvaterra, Salceda, Porriño, Tomiño, Oia, Tui, As Neves, Viana e Ponte da Barca (con entre 480 e 960), e finalmente en situación extrema (máis de 960 casos por 100.000 habitantes) por Covelo, A Cañiza, Crecente, Melgaço, Monçao, Valença, Vila Nova de Cerveira, Caminha, P. Coura, Arcos de Valdevez, e Ponte de Lima.

Sempre en base a fontes oficiais [Sergas](#) e [Unidade Local de Saúde do Alto Minho \(ULSAM\)](#), [mapa COVIDMiño interactivo](#) achega

tamén as diferentes medidas decretadas polos respectivos gobernos sobre cuestións como a mobilidade laboral e peches perimetrais, réxime de apertura de hostalaría e restauración, educación e situación escolar, comercio e outras consideracións socio-sanitarias co obxecto de manter informada ás persoas que viven ou traballan a ambas marxes do río.

Recapacitación e apertura dos pasos fronteira

O vicedirector do AECT Río Miño, Uxío Benítez, manifestou hoxe que os concellos pertencentes ao agrupamento seguen “expectantes” e “vixiantes” ante o que suceda nos próximos días sobre a solicitude de apertura de todos os pasos da fronteira.

O nacionalista subliñou que polo momento a única novidade foi o que saíu hoxe publicado no BOE, unha prórroga ata o un de marzo do peche de fronteiras, cuestión “que nós xa pensabamos que ía acontecer pola información que tiñamos”. Destacou que en Portugal aínda non se publicou oficialmente aínda que se fará de maneira próxima.

Os concellos da raia seguen “á expectativa” de que se anuncie a apertura da totalidade dos pasos na fronteira para persoas traballadoras

“O que nos consta é que os gobernos están negociando para ver que pasos fronteirizos van manter para o paso das persoas traballadoras. Nese sentido nós queremos ser optimistas e entendemos que as nosas reclamacións e as nosas protestas tiveron eco sobre todo no lugar onde eran máis reacios, no goberno portugués, polas declaracións do ministro de Administración Interna. Entendemos e agardamos que vai haber unha recapacitación na decisión tomada hai 15 días” e a apertura de máis pasos transfronteirizos, dixo Benítez, quen salientou que de non acontecer así alcaldes e alcaldesas e presidentes de cámara do territorio miñoto volverán reunirse e tomarán medidas ao respecto.